



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FP

CPI RAMÓN PIÑEIRO - LÁNCARA

Praza dos Reis s/n. Pobra de San Xiao-Láncara (Lugo), 27360. Tfno. 982870370
www.edu.xunta.gal/centros/cpiramonpineirolancara - cpi.ramonpineirolancara@edu.xunta.es



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020



CPI RAMÓN PIÑEIRO	
ETAPA	EDUCACIÓN SECUNDARIA
CURSO:	3º ESO
MATERIA:	MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS E. ACADÉMICAS
DEPARTAMENTO	MATEMÁTICAS

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- NORMATIVA ESPECÍFICA DE REFERENCIA.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

6.7. Os departamentos didácticos, os equipos de ciclo e os equipos docentes de cada curso, baixo a coordinación e dirección da respectiva xefatura de departamento, coordinación de ciclo ou do titor ou titora de curso, adaptarán a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ao ciclo, áreas, materias ou módulos integrados no departamento, que será o referente para o profesorado que imparta a mesma área, materia, módulo ou ámbito no centro educativo.

6.8 Aprendizaxes e competencias: identificaranse as aprendizaxes (estándares de aprendizaxe, ou no seu caso resultados de aprendizaxe) e competencias imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia, área, módulo ou ámbito, que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.

6.9. Avaliación e cualificación do alumnado: a avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado.

Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

6.10. Establecerase o procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria.

6.11. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes: prestarase especial atención á avaliación do alumnado con materias pendentes. No caso do alumnado do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación de materias pendentes ou con avaliación negativa, poderá ser convocado a unha proba telemática, se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais. Esta proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan una avaliación obxectiva. Deberanse detallar os criterios de avaliación e cualificación e establecer as datas e os procedementos para a avaliación das materias pendentes.

6.12. Información e publicidade. A información básica da adaptación das programacións didácticas para a finalización do curso 2019-2020, será elaborada en base aos principios de claridade, transparencia e obxectividade que garantan o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.

6.13. O documento guía será remitido polos responsables da súa elaboración á dirección do centro antes do día 12 de maio de 2020 para o seu traslado á inspección educativa. As direccións dos centros responsabilizaranse da súa publicación na páxina web do centro nun lugar accesible a disposición de toda a comunidade educativa e de garantir a súa publicidade, seguindo o procedemento establecido no centro. Así mesmo, o profesorado informará ao alumnado da súa área, materia, ámbito ou módulo.

2.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E

COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

Considéranse estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles os seguintes:

a) Dos relacionados na programación didáctica do curso 2019-2020, todos os periodizados para a 1ª e 2ª avaliación e cuxo "grao mínimo de consecución" é igual ou superior ao 80%

b) Dos relacionados na programación didáctica do curso 2019-2020, e periodizados para a 3ª avaliación, os que se recollen na seguinte táboa:

3º ESO MATEMATICAS ACADÉMICAS

IDENTIFICADOR CRITERIO AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B4.1	Interpreta o comportamento dunha función dada graficamente e asocia enunciados de problemas contextualizados a gráficas.
B4.1	Identifica as características máis salientables dunha gráfica interpretándoas dentro do seu contexto.
B4.1	Formula conxecturas sobre o comportamento do fenómeno que representa unha gráfica e a súa expresión algébrica.
B5.1	Elabora táboas de frecuencias, relaciona os tipos de frecuencias e obtén información da táboa elaborada.
B5.2	Calcula e interpreta as medidas de posición (media, moda, mediana e cuartís) dunha variable estatística para proporcionar un resumo dos datos.
B5.2	Calcula e interpreta os parámetros de dispersión (rango, percorrido intercuartílico e desviación típica) dunha variable estatística, utilizando a calculadora e a folla de cálculo, para comparar a representatividade da media e describir os datos.

3.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

A avaliación e cualificación adáptase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

AVALIACIÓN	Procedementos: - Análise das producións dos alumnos/as
	Instrumentos: Rúbricas, valoración de traballos específicos, exames a través da Aula Virtual.
CUALIFICACIÓN FINAL	<p>Alumnado con dúas avaliacións aprobadas: Para o alumnado que teña a primeira e a segunda avaliación aprobadas, realizarase a media aritmética das cualificacións destas avaliacións, e este resultado poderase incrementar ata un punto en función das tarefas e traballos realizados ao longo do período de confinamento.</p> <p>Alumnado con algunha avaliación suspensa: Tera que facer un traballo consistente en exercicios das avaliacións suspensas. Unha vez realizada esta recuperación, a cualificación final obterase da mesma maneira que no caso anterior.</p> <p>No caso de que non entregue o traballo ou non o faga ben, entón a cualificación final será menor de 5 (suspense), e obterase a partir da media aritmética das cualificacións da primeira e segunda avaliación, tomando sempre a máis alta (a máis alta entre a que tiña na avaliación correspondente e a que obtivo na recuperación).</p>

ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE (Só para a ESO)	<p>Criterios de avaliación</p> <p>Non temos alumnos con materia pendente</p>
	<p>Criterios de cualificación</p> <p>Non temos alumnos con materia pendente</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación</p> <p>Non temos alumnos con materia pendente</p>
PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO (Só para a ESO)	<p>Será unha proba escrita, sobre os contidos das dúas primeiras avaliacións.</p> <p>Constará de 10 preguntas con unha estrutura similar ás feitas durante os dous primeiros trimestres.</p> <p>A proba escrita realizarase de maneira telemática ou presencial, segundo sexa posible.</p>

4.- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º

TRIMESTRE.

Recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación.

ACTIVIDADES	Actividades combinadas de repaso, reforzo e ampliación. Boletíns de exercicios Apuntes e exercicios na Aula Virtual do centro.
METODOLOXÍA (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Para aquel alumnado que teña problemas de conectividade, farase unha coordinación co equipo directivo, para que se lle entreguen as actividades e os recursos necesarios para que poida, na maneira do posible, continuar co desenvolvemento da súa aprendizaxe. Da mesma maneira, se lle recollerán as actividades realizadas para poder ser avaliadas. Para os alumnos con conectividade, na Aula Virtual e na páxina web do centro pódense atopar materiais de repaso, así como as actividades propostas. A entrega de tarefas faise por medio de dita aula virtual ou do correo electrónico do profesor. O alumnado ten a súa disposición para resolver as dúbidas e contactar co profesor as seguintes ferramentas: mensaxería interna da aula virtual, foro de dúbidas e correo electrónico do profesor.
MATERIAIS E RECURSOS	Os expostos na Aula Virtual e na páxina web do centro.

5.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	<p>Os medios de comunicación establecidos para comunicarse co alumnado e as familias serán: a páxina web do centro, a app TokAppSchool e o correo electrónico de cada profesor ou profesora. A través da páxina web as familias e o alumnado poderán ver a planificación que o profesor ou profesora da materia establece, e alí poderán descargar os recursos correspondentes (apuntes, exercicios, enlaces...) ou se indicará como obtelos.</p> <p>Con o TokAppSchool comunicamos coas familias calquer tipo de anuncio e información.</p> <p>Cada profesor pon a disposición do alumnado un correo electrónico para dúbidas e entrega de exercicios ou traballos.</p>
PUBLICIDADE	Publicación obrigatoria na páxina web do centro